

**13:30 Horas. RECOLLIDA DE LOTES**

Na explanada a carón do Multiusos.

**20:30 Horas. ACTUACIÓN GALIFUNK BRASS**

**22:00 Horas. ACTUACIÓN QUEIMÁN E POUSA**

A compañía viguesa interpretará o seu espectáculo de música, baile e folclore "Amantes da Terra" na explanada a carón do Multiusos.

Para as dúas actuacións é obrigatorio recoller a túa entrada gratuíta na Casa de Cultura ata o venres 24 antes das 14 horas.

## PROTOCOLO DE SEGURIDADE SANITARIA POLO COVID-19 NA 51ª FESTA DO CARNEIRO AO ESPETO

O Concello de Moraña implementa as seguintes medidas de seguridade sanitaria para todos os actos sociais, culturais e de lecer de carácter público enmarcados na programación da 51ª Festa do Carneiro ao Espeto, que serán de obrigado cumprimento entre todos os asistentes para preservar a saúde da cidadanía e minimizar o risco de contaxio do coronavirus.

- É obrigatorio o uso de mascariña para todos os asistentes, quedando só eximidas as persoas con acreditada dificultade respiratoria e aquelas para as que o seu uso estea contraindicado por cuestións de saúde ou discapacidade.
- É obrigatorio respectar unha distancia interpersonal de alomenos 1,5 metros.
- A asistencia aos actos organizados polo Concello esixirá, cando así se indique, dun tique de acceso que se poderá retirar previamente na Casa da Cultura con preferencia para os veciños empadroados en Moraña.
- Os asistentes deberán respectar os espazos habilitados e terán que situarse nas cadeiras ou nas zonas reservadas a tal efecto.

Dende o Concello de Moraña queremos animar a todos os veciños e veciñas a adquirir os lotes de Carneiro ao Espeto, que se poderán recoller no asado popular do domingo 26 de xullo para comer nos domicilios, co obxectivo de contribuír á difusión da festa e do noso prato nesta edición especial.

**Grazas por cumprir coas recomendacións para facer festa e coidarnos entre todos.**

**Carneiro ao Espeto, Sabor Seguro.**

ORGANIZA:



Concello de Moraña

COLABORAN:



DEPUTACIÓN  
PONTEVEDRA

//ABANCA



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

galicia



Instituto de  
Dinamización  
Lingüística

PROTECCIÓN CIVIL DE MORAÑA



Prevenção de Condutas Adictivas

www.festadocarneiroespeto.com

# LI Festa do Carneiro ao Espeto

Moraña  
26 de Xullo 2020

DECLARADA DE INTERESE TURÍSTICO GALEGO

Organiza



Concello de  
MORAÑA

Colaboran





#### —■ VENRES 10-07-2020 E SÁBADO 11-07-2020

##### **21:00 horas. MONÓLOGO**

##### **ACTUACIÓN DE ROGELIA DOS OUTEIROS**

Este ano o comezamos programa de actividades do carneiro coa nosa veciña Rogelia dos Outeiros que nos deleitará cun divertido monólogo no Multiusos.

Unha historia que vos aconsellamos non perder, pois as risas están aseguradas.

Obrigatorio recoller a entrada gratuíta na Casa de Cultura ata a véspera antes das 14 horas.

#### —■ SÁBADO 11-07-2020

##### **19:00 Horas. SHOWCOOKING**

Para un máximo de 30 persoas, na Carballeira de Santa Lucía a cargo do chef Miguel Mosteiro de Gastrolab Arousa. Para participar é obrigatorio inscribirse con anterioridade na Casa de Cultura.

##### **21:00 horas. ESPÉTALLE UN PINCHO**

##### **DEGUSTACIÓN GASTRONÓMICA DO CARNEIRO**

Terá lugar este ano na Carballeira de Santa Lucía. Os bares e restaurantes participantes achegaránse ata alí para que poidamos degustar diversas maneiras de cocinar o carneiro.

A velada estará amenizada coa actuación de **Pablo Balseiro e os Cascarillas**.

#### —■ MARTES 14-07-2020

##### **17:00 horas. XOGOS MULTIAVENTURA**

Na explanada, teremos lasertag, tiro con arco e xogos populares para todas e todos os que queirades participar. Lembra, que por seguridade, só poderán participar aqueles que estedes inscritos antes do luns 13, na Casa de Cultura.

#### —■ MÉRCORES 15-07-2020 E XOVES 16-07-2020

##### **17:00 horas. EN BUSCA DO CARNEIRO PERDIDO**

Xogo de pistas, preguntas e probas de nivel que terás que superar para atopar o carneiro deste ano. O mércores será para nenos e nenas de 6 a 12 anos. O xoves poderás vir ti que tes entre 13 e 17 anos.

Prazas limitadas. Obrigatorio inscribirse na Casa da Cultura antes do día anterior.

#### —■ VENRES 17-07-2020

##### **22:00 horas. TEATRO**

No Multiusos, a compañía Malasombra Teatro representaranos unha adaptación da coñecida obra A casa de Bernarda Alba. Obrigatorio recoller a túa entrada gratuíta na Casa de Cultura ata a véspera antes das 14 h.

#### —■ SÁBADO 18-07-2020

##### **11:00 horas. A RUTA DOS ARTISTAS**

A partir das 11 da mañá e durante todo o día, artistas e artesáns de Moraña expoñerán a súa obra ó longo da senda biosaudable que parte do Portamós (Polígono Industrial Afieiras).

Ás 21:00 horas teremos a actuación do grupo dixie **La Rúe** no propio entorno da ruta.

O paseo pola senda é libre, pero lembra que é obrigatorio recoller a túa entrada gratuíta para o concerto na Casa de Cultura ata a véspera antes das 14 horas.

#### —■ DOMINGO 19-07-2020

##### **21:30 horas. ACTUACIÓN DA ASOCIACIÓN CULTURAL DE ACORDEONISTAS ESTRADENSE**

Este día desprazarémonos ata a Carballeira de Santa Xusta.

Obrigatorio recoller a túa entrada gratuíta na Casa de Cultura ata a véspera antes das 14 h.

#### —■ MARTES 21-07-2020

##### **20:00 horas. MAGO ROMÁN**

Para todo tipo de público, especialmente o infantil. No patio traseiro da Casa de Cultura ADR Castelao.

Obrigatorio recoller a túa entrada gratuíta na Casa de Cultura ata a véspera antes das 14 h.

#### —■ MÉRCORES 22-07-2020

##### **19:00 horas. EXHIBICIÓN DE PUMPTRACK**

Na pista de Pump Track teremos unha exhibición na que ó finalizar poderedes participar coas vosas propias bicicletas.

Obrigatorio recoller a túa entrada gratuíta na Casa de Cultura ata a véspera antes das 14 h. Toda a xuventude que queira participar coa súa bicicleta ten que indicalo no momento de recoller o ticket de entrada.

#### —■ XOVES 23-07-2020

##### **19:00 horas. TEATRO INFANTIL**

A compañía Talía Teatro representará a comedia Voa, Voa! No patio traseiro da Casa de Cultura.

Prazas limitadas. Saca a túa entrada gratuíta na Casa de Cultura ata a véspera antes das 14 h.

##### **23:00 Horas. CINE NA RÚA**

Na praza do Concello terá lugar a proxección do filme “Hasta que la boda nos separe”, unha comedia de estrea no ano 2020 con gran éxito de taquilla.

Prazas limitadas. Obrigatorio recoller a túa entrada gratuíta na Casa de Cultura ata a véspera antes das 14 h.

#### —■ VENRES 24-07-2020

##### **22:30 horas. PROXECCIÓN DO DOCUMENTAL "O segredo da Festa do Carneiro"**

##### **23:00 horas. DE VACAS**

Actuación do coñecido grupo De Vacas coas súas orixinais versións de grandes éxitos.

Na explanada a carón do Multiusos.

Para as dúas actividades será obrigatorio recoller a túa entrada gratuíta na Casa de Cultura ata a véspera antes das 14 h.

#### —■ SÁBADO 25-07-2020

##### **20:00 horas. NOVO CIRCO**

Novo circo con aéreos no que a compañía Kambahoita nos deleitará co seu espectáculo “La Coquette”.

No entorno da Carballeira de Santa Lucía.

##### **22:30 horas. PÍSCORE**

A música e o humor únense neste espectáculo. Na explanada a carón do Multiusos.

##### **23:30 Horas. Actuación de LUIS EMILIO BATALLÁN**

Na explanada a carón do Multiusos.

Lembra que é obrigatorio recoller as túas entradas para cada actividade na Casa de Cultura ata a véspera antes das 14 h.

#### —■ DOMINGO 26-07-2020

##### **De 11:00 a 13:00 Horas. Pasacalles a cargo da Charanga OS ENGERELLADOS**

##### **12:30 Horas. Actuación de XOSÉ ANTONIO TOURIÑÁN**

Risas aseguradas no entorno da Carballeira de Santa Lucía.

Obrigatorio recoller a túa entrada gratuíta na Casa de Cultura ata o venres 24 antes das 14 horas.